

SEMINARIO DE LANZAMIENTO DO PROXECTO SYMBIOS

Santiago de Compostela, 10-11 de xuño de 2013

Un total de 25 representantes das entidades participantes da Rede transnacional do Proxecto SYMBIOS asistiron ao Seminario de Lanzamento que tivo lugar en Santiago de Compostela, os pasados días 10 e 11 de xuño de 2013.

O programa de contidos deste primeiro encontro dividiuse en catro partes: presentación de cada socio e breve descrición dos contextos de orixe, exposición e valoración de experiencias identificadas e consenso do esquema xeral de traballo.

A primeira parte centrouse na presentación de cada unha das 8 entidades e organizacións que conforman na actualidade a Rede SYMBIOS¹, así como doutras colaboradoras co proxecto. Neste primeiro momento, ademais, as persoas asistentes compartiron diagnóstico dos contextos de cada seu, onde se destacaron os impactos sociais da crise demográfica nos territorios e persoas. Nas sucesivas intervencións, os socios expuxeron tamén os seus intereses e preocupacións en relación coa materia obxecto de traballo do proxecto.

A actividade que ocupou a segunda parte da xornada centrouse nunha aprendizaxe comparativa sobre experiencias previamente identificadas como de interese para o proxecto e a súa posterior valoración sobre formas e posibilidades de contribuír ao proxecto. Nas semanas anteriores ao seminario, os socios da Rede transnacional levaron a cabo un primeiro proceso de recollida de experiencias desenvolvidas noutros contextos e consideradas de interese para Symbios, por abordar positivamente as consecuencias locais da crise demográficas. Xuntáronse un total de 27 experiencias.

¹ Participantes na Rede Symbios: Xunta de Galicia- Consellería de Traballo e Benestar; Instituto Galego de Estatística (IGE); Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER); Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (COCEDER); Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro- CETRAD; Universidade de Zuyd- CERST (Países Baixos); Consello Rexional de Carelia do Norte (Finlandia); Universidade de Cork (Irlanda). O proxecto conta, ademais, coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela- IDEGA e o Colexio de Traballo Social de Galicia.

Esta selección inicial de prácticas poderá ser ampliada e enriquecida ao longo do período que se abre agora de identificación de experiencias.

As experiencias dispoñibles clasificáronse en catro categorías, atendendo a grandes criterios de agrupación: experiencias relacionadas coa análise académica das cuestións críticas; experiencias relacionadas con políticas públicas concretas e implantación de proxectos; experiencias relacionadas co terceiro sector e emprendemento; experiencias que responden á vez a varias das tipoloxías anteriores².

Durante a xornada, os socios ampliaron a información dos formularios de recollida de experiencias e as persoas presentes foron valorando a pertinencia o interese de cada unha delas nas diferentes actividades do proxecto: presentación na web do proxecto; presentación no II Seminario Técnico Symbios ou para realizar unha visita de estudo, con posibilidade de obter máis detalles para a súa transferencia a outros contextos.

Cabe destacar, como resultados de esta avaliación, que foron consideradas de interese para presentarse e obter maior información sobre elas nos Seminarios Técnicos de Symbios as experiencias de *"Rede Eusumo- Cooperativismo e economía social"*, promovida pola Consellería de Traballo e Benestar; o *"Proxecto Prohef"*, dirixido á mellora social e económica sustentable un área en declive demográfico, iniciativa da Universidade de Zuyd (Maastricht) e Universidade de Stendan (Leewarden); e o *"Proxecto SAVE"*, para a posta en valor dos servizos ambientais de agro-ecosistemas nun área natural protexida (Serra da Estrela), no que participou a Universidade de Tràs-os-Montes e Alto Douro. Por outra parte, acadaron maior interese para unha visita de estudo as experiencias do Centro de Desenvolvemento Rural de Lodoselo (Ourense), de intervención social integrada; o Proxecto *"Design for Emptiness"* que busca atraer xente emprendedora a unha área afectada polo afectada polo despoboamento, presentado pola Universidade de Zuyd neste seminario; e *"O distrito do mañá/ futura veciñanza"*, un programa innovador no que participan institucións do ámbito educativo e académico, administracións públicas e sector privado para

² Para máis información, consúltese o documento "Dossier Bench Learning" dispoñible nesta páxina web en lingua inglesa

deseñar, estudar e probar tecnoloxías sustentables en cidades, veciñanzas e edificios dentro da Eurorrexión Meuse- Rhine. Este proxecto presentouno tamén a Universidade de Zuyd.

No terceiro e último tramo da xornada, as persoas asistentes aprobaron o esquema xeral de Symbios, validaron a metodoloxía de traballo e consensuaron as achegas de cada socio, así como o a forma e o tempo no que estas se inserirán nos diferentes momentos do proxecto.

A xornada pechouse tras un breve repaso sobre a actividade de preparación do I Seminario Técnico do Proxecto Symbios "Crise demográfica, exclusión territorial e exclusión social. Enfoques, metodoloxías e estratexias", que terá lugar o 26 de setembro na sede do Museo Pedagóxico de Galicia, en Santiago de Compostela.